

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.

A eliminación das desigualdades entre homes e mulleres é un obxectivo prioritario da Unión Europea desde a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam en que se recolle o compromiso formal de considerar a igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade. Este compromiso veuse articulando a través de diferentes directivas e resolucións do Consello relativas á aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos. Así mesmo, a normativa reguladora dos fondos europeos tamén recolle de forma constante a referencia a este compromiso, de feito na regulamentación actual do FSE tamén se fai mención expresa á necesidade de que a execución das prioridades financiadas polo FSE deben contribuír a loitar contra a discriminación por razón de sexo, recollendo entre as súas prioridades de investimento a igualdade entre homes e mulleres en todos os ámbitos, incluídos o acceso ao emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Pola súa vez, na Estratexia europea 2020 por un crecemento intelixente sustentable e integrador tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

A Constitución española, no seu artigo 14, prohíbe expresamente calquera discriminación por razón de sexo e, no artigo 9.2, formula o mandamento expreso aos poderes públicos para que promovan as condicións para que a igualdade do individuo e das agrupacións en que se integra sexan reais e efectivas. Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia, establece que lles corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan



reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

En desenvolvemento destas competencias asumidas polo Estatuto aprobáronse dúas leis galegas en materia de igualdade, unha no ano 2004 de carácter integral e outra no ano 2007 específica para o ámbito do traballo, hoxe recollidas no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, así como a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. A promoción da igualdade entre mulleres e homes constitúe tamén un obxectivo básico e prioritario para a Xunta de Galicia, e tivo o seu reflexo nas ditas normas e na implantación de plans que definen e recollen estratexias globais para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres en condicións de igualdade en todos os ámbitos da sociedade.

Nesta actuación recoñécese o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, a prevención e a erradicación da violencia de xénero, así como para o establecemento das condicións que posibiliten a participación das mulleres na vida política, económica, cultural e social, polo que nesta materia se vén traballando coas entidades locais no marco da colaboración e coordinación, para avanzar na consecución do obxectivo común de acadar unha sociedade igualitaria e coas mesmas oportunidades para mulleres e homes. Pola súa vez, promóvese e impúlsase un marco de xestión compartida no ámbito da colaboración e cooperación entre concellos para dotar dunha maior eficacia e eficiencia os servizos e actuacións en materia de igualdade no ámbito territorial de Galicia.

Neste marco de actuación, esta convocatoria ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local en Galicia, co obxecto de favorecer a igualdade de oportunidades e de trato no territorio e a erradicación da violencia de xénero; a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, así como para impulsar o funcionamento e a consolidación dos servizos de atención integral de información e asesoramento no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopan nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Con este fin, recóllese un marco de axudas públicas para o financiamento de medidas e actuacións desenvolvidas polas entidades locais, de forma individual ou mediante o



sistema de xestión compartida, ao abeiro de tres programas: a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar; b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero; c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM).

Esta convocatoria está cofinanciada polo FSE nunha porcentaxe do 80 % no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020. No caso do programa de fomento da conciliación no obxectivo temático 8 «promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral», prioridade de investimento 8.4 «a igualdade entre homes e mulleres en todas as áreas, incluído o acceso ao emprego e a carreira profesional e a conciliación da vida laboral e a privada, así como a promoción do salario igualitario pola realización do mesmo traballo», obxectivo específico 8.4.2 «(Re) integrar no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero»; e no caso dos outros dous programas de prevención da violencia de xénero e de apoio aos CIM no obxectivo temático 9 «promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», prioridade de investimento 9.3 «a loita contra toda forma de discriminación e o fomento da igualdade de oportunidades», obxectivo específico 9.3.1. «aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables, a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, e evitar, pola súa vez a discriminación múltiple».

Na súa consecuencia, é de aplicación e dáse debido cumprimento ao previsto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello; no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo, e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006 do Consello.

Segundo o establecido no artigo 14 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013, as subvencións e a asistencia reembolsable que se beneficien dunha axuda pública non superior a 50.000 € adoptarán a forma de baremos estándar de custos unitarios, de importes a tanto



global ou de financiamento a tipo fixo. Por este motivo incorpórase nesta convocatoria o establecemento de métodos de custo simplificados.

As bases reguladoras e a convocatoria destas axudas axústanse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro); no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG núm. 214, do 5 de novembro) e, no que resulte de aplicación, na Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro) e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2007, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo).

Con esta finalidade, de acordo co Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspóndelle á Secretaría Xeral da Igualdade, como órgano superior da Administración autonómica en materia de igualdade, entre outras, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, e na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia, procédese a establecer as bases reguladoras e a convocatoria de axudas dirixidas ás entidades locais para a promoción da igualdade.

Por todo o exposto, unha vez obtidos os informes preceptivos na tramitación, e autorizado por acordo do Consello da Xunta o compromiso de gasto plurianual para o programa de apoio aos CIM e a concesión de anticipos de ata o 75 % da subvención concedida nos diferentes programas, sen constitución de garantías, no uso das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras e proceder á convocatoria no ano 2016 das subvencións ás entidades locais de Galicia, de forma individual ou



mediante o sistema de xestión compartida, para o desenvolvemento de programas, actividades, actuacións e medidas para facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, o tratamento integral da violencia de xénero, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a participación das mulleres na vida política, económica, social e cultural; así como para consolidar o funcionamento de servizos de atención integral de información e asesoramento ás mulleres no territorio, co fin de prestarlles unha atención e acompañamento de proximidade, psicolóxico, xurídico e de orientación sociolaboral ás mulleres, en particular, a aquelas que pertencen a colectivos en risco de exclusión ou se atopen nalgunha situación de vulnerabilidade, de cara a mellorar a súa situación social, laboral e profesional.

Coa dita finalidade establécense os seguintes programas:

a) Programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (en diante Programa de conciliación).

b) Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero (en diante, Programa de prevención da violencia de xénero).

c) Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (en diante, Programa de apoio aos CIM).

2. Só se pode presentar ou participar nunha solicitude de subvención, ben sexa individual ou conxunta, respecto de cada un dos programas previstos no punto 1 anterior. Para o caso de concorrencia de solicitudes, individuais e conxuntas ou de xestión compartida, darase prevalencia á solicitude de xestión compartida.

3. O procedemento para a concesión das subvencións recollidas nesta resolución tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co sinalado no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. A súa xestión realizarase de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración da Xunta de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un crédito por un importe total de catro millóns douscentos trinta e cinco mil trescentos trinta e un euros (4.235.331,00 €),



distribuído en tres programas e, nun deles, en dúas anualidades, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias seguintes:

Aplicación	Cód. proxecto	Importe 2016	Importe 2017	Importe total
05.11.312G.460.1	2016 0018	500.000,00 €		518.436,00 €
	2015 00144	18.436,00 €		
05.11.313B.460.0	2015 00144	2.346.895,00 €	1.370.000,00 €	3.716.895,00 €
	Total	2.865.331,00 €	1.370.000,00 €	4.235.331,00 €

Estas axudas están cofinanciadas polo Fondo social Europeo, nunha porcentaxe do 80 %, no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020. A partida orzamentaria 05.11.312G.460.1, destinada ao financiamento do Programa de fomento da conciliación no obxectivo temático 8 «promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral», prioridade de investimento 8.4 «a igualdade entre homes e mulleres en todas as áreas, incluído o acceso ao emprego e a carreira profesional e a conciliación da vida laboral e a privada, así como a promoción do salario igualitario pola realización do mesmo traballo», obxectivo específico 8.4.2 «(Re) integrar no mercado laboral as persoas con dependentes ao seu cargo, a través de medidas de conciliación da vida persoal e laboral, e fomentar a igualdade de xénero»; e no caso da partida orzamentaria 05.11.313B.460.0, destinada ao financiamento dos programas de prevención da violencia de xénero e de apoio aos CIM no obxectivo temático 9 «promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación», prioridade de investimento 9.3 «a loita contra toda forma de discriminación e o fomento da igualdade de oportunidades», obxectivo específico 9.3.1. «aumentar a integración sociolaboral das persoas pertencentes a colectivos máis vulnerables a través de actuacións que fomenten a igualdade de xénero e a conciliación da vida persoal e laboral, e evitar pola súa súa vez, a discriminación múltiple».

Da partida orzamentaria 05.11.313B.460.0 destinarase un importe máximo de 352.000,00 €, con cargo ao exercicio 2016, para o financiamento do Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero. Para o caso de que non se esgote o dito importe máximo logo da valoración de todas as solicitudes presentadas ao abeiro deste programa, o remanente de crédito destinarase ao financiamento das solicitudes do Programa de apoio aos CIM.

2. O importe máximo inicial do crédito destinado aos programas e subvencións obxecto desta convocatoria poderá ser ampliado en función das solicitudes e das dispoñibilidades orzamentarias, nos supostos e nas condicións previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento do importe queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación de crédito publicarase nos mesmos medios que a convocatoria sen que isto implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 3. *Compatibilidade con outras axudas e ingresos xerados*

1. As subvencións para as actuacións e actividades recollidas nos diferentes programas desta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda pública para a mesma actuación ou actividade.

2. Se a actividade ou actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matrículas ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable despois de aplicar o tipo fixo cofinanciado polo FSE no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados, obtidos ou previstos, na solicitude de axuda. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixeran constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

Artigo 4. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución os concellos, mediante solicitude individual ou mediante solicitude conxunta de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades de concellos de Galicia e consorcios locais de Galicia, constituídos exclusivamente por concellos, así como as entidades resultantes dunha fusión municipal. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta convocatoria as deputacións provinciais.

2. Para poder acceder ás subvencións deberán cumprirse os requisitos e condicións establecidos nesta resolución e na normativa xeral de subvencións, comúns ou específicos de cada uns dos programas de axuda ou derivados, se é o caso, da presentación dunha solicitude para a xestión compartida dun proxecto ou servizo.

3. Ademais do anterior, para poder ser beneficiaria das subvencións correspondentes ao programa de apoio aos CIM, a entidade local ten que ser titular dun centro de información ás mulleres (CIM) acreditado segundo o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, polo que se regulan os centros de información ás mulleres e se establecen os requi-



sitos para o seu recoñecemento e funcionamento. Poderase presentar solicitude individual ou conxunta para a xestión compartida da prestación deste servizo, mediante a agrupación ou asociación das entidades locais titulares de CIM ou con outros concellos que non o teñan acreditado.

4. Por outra banda, para poder ser beneficiaria destas axudas, con anterioridade a que remate o prazo de presentación de solicitudes deberá ter cumprido o requisito de ter remitidas as contas do exercicio orzamentario 2014 ao Consello de Contas de Galicia e, ademais, no caso dos CIM ter presentada a memoria de funcionamento anual do CIM correspondente ao ano 2015 ante a Secretaría Xeral da Igualdade.

5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria destas subvencións cando conorra algunha das circunstancias ou prohibicións sinaladas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos e condicións exixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 5. *Solicitudes de xestión compartida: requisitos e condicións*

1. Para estes efectos terán a consideración de solicitudes de xestión compartida as presentadas por agrupacións, asociacións ou entidades locais que integren varios concellos.

2. Os concellos que se agrupen ou asocien para o programa de prevención da violencia de xénero ou para o de conciliación, así como os titulares de CIM que se agrupen entre eles ou ben con outros concellos non titulares, deberán:

a) Presentar, xunto coa solicitude, un convenio de colaboración relativo á agrupación ou asociación, que poderá ser un novo convenio ou un anterior en vigor. A Secretaría Xeral da Igualdade, a través do seu portal, publicará un ou varios modelos de convenio relativos á xestión compartida, de forma conxunta, agrupada ou asociada, que terán carácter orientativo.

Se non se achega o convenio xunto coa solicitude ou no prazo concedido para a súa achega logo do requirimento efectuado para o efecto, considerarase desistida da súa solicitude. Non obstante, para o caso de que se trate dunha solicitude do programa de apoio aos CIM, poderase tramitar como solicitude individual do CIM sempre que o manifeste expresamente e por escrito no dito prazo.



b) Nomear a persoa titular dunha das alcaldías para a representación única, tanto na coordinación como na interlocución, ante a Secretaría Xeral da Igualdade, que será a que reciba e xustifique a subvención. No caso dos agrupamentos para a prestación do servizo CIM, a representación corresponderá á persoa titular da alcaldía dun concello que teña acreditado o CIM.

c) Reflectir os compromisos de execución asumidos por cada unha das entidades que forman parte da agrupación, así como a porcentaxe de subvención que se aplicará a cada unha delas.

d) Os concellos agrupados ou asociados terán, en todo caso, a condición de entidade beneficiaria, polo que para poder conceder a subvención solicitada todos eles teñen que cumprir os requisitos, condicións, obrigas e compromisos establecidos nesta resolución, nos termos establecidos no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A falta de acreditación do cumprimento dalgún requisito por parte dalgunha das entidades participantes suporá a inadmisión da solicitude conxunta cando afecte a entidade que ten a representación; nos outros casos, manterase a validez da solicitude sempre que se comunique por escrito a exclusión do concello afectado polo incumprimento, dentro do prazo concedido para o efecto.

3. As mancomunidades de concellos e os consorcios locais deberán presentar, xunto coa solicitude, unha certificación expedida pola súa secretaría onde se fagan constar os concellos membros da mancomunidade ou consorcio e os que participan no proxecto ou servizo para o que se solicita subvención.

4. Procederá a exclusión ou inadmisión daquelas solicitudes de xestión compartida nas cales non se acredite a realización conxunta da actuación ou servizo para a cal se solicita subvención e que supoñan actuacións independentes en cada entidade local.

Sen prexuízo do anterior, considerarase que cumpren o requisito de xestión compartida os agrupamentos para a prestación do servizo de CIM. No programa de prevención da violencia de xénero e no de conciliación, aínda de realizarse actuacións independentes en cada concello, considerarase cumprido este requisito cando na memoria xustificativa se acrediten os beneficios da solicitude conxunta, tales como licitacións conxuntas, razóns de economía de escala, racionalización do gasto, criterios de eficiencia e eficacia, colaboración técnica, administrativa, entre outros.



Nos supostos de mancomunidades e consorcios, deberá acreditarse que o servizo se presta de xeito mancomunado ou consorciado e que, en todo caso, non supón unha actuación illada ou independente.

Artigo 6. *Programa de fomento da conciliación: accións subvencionables e contía da axuda*

1. No programa de fomento da conciliación son subvencionables as seguintes medidas:

a) Medidas, accións ou programas de conciliación sempre que os seus obxectivos respondan ao fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares.

b) Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarles ás persoas empadroadas no correspondente concello a conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral, a través dun sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos, entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

En todo caso, non serán subvencionables ao abeiro desta resolución as medidas que consistan na convocatoria, tramitación e concesión de subvencións públicas.

2. As entidades solicitantes deberán reflectir o perfil e os criterios de selección das persoas participantes nas actividades de conciliación para as que se solicita subvención, así como o número previsto de participantes que en ningún caso poderá ser inferior a dez.

Na selección terase en conta o nivel de renda da unidade familiar, e deberá darse prioridade ás persoas participantes con menos ingresos. En todo caso, para os efectos desta axuda, só se terán en conta as persoas participantes con ingresos non superiores a 6,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples 2015 (IPREM), límite que se incrementa nun 15 % máis cando se trate de familias monoparentais ou de familias numerosas.

3. Cada entidade local, individual ou agrupada, só poderá presentar solicitude de subvención para unha das medidas previstas no punto 1 anterior.

4. Para que a medida poida ser obxecto de subvención ao abeiro deste programa é necesario que a entidade teña validada a medida ou actuación de acordo co disposto do Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento.



No caso de non estar validada, deberá presentar a solicitude de validación ante a Secretaría Xeral da Igualdade, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes previsto nesta convocatoria, co fin de obter a dita validación, que deberá producirse, en todo caso, antes do prazo de xustificación.

5. Serán gastos subvencionables os derivados da realización das medidas de conciliación referidos a custos directos de persoal, outros custos directos e custos indirectos, nos termos establecidos no artigo 9 desta resolución.

Só serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de decembro de 2015 e ata o 30 de novembro de 2016.

O importe máximo dos custos directos de persoal que se pode presentar para optar a esta axuda é de 40.000 €, para o caso de que sexa superior, o órgano instrutor requirirá á entidade solicitante para que o reaxuste.

6. O gasto subvencionable determinase en función do importe dos custos directos de persoal máis o 40 % dos ditos custos para o financiamento doutros gastos directos e indirectos vinculados á medida subvencionada.

En todo caso, a contía máxima da axuda será de 12.000 euros, cando se trate dunha solicitude individual, e de 22.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.

O importe da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable a porcentaxe que resulte da puntuación obtida na valoración realizada segundo o establecido no artigo 15 desta resolución, co límite da contía máxima da axuda que corresponda, ou, de ser inferior, da contía solicitada.

7. Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do custo de persoal. Así mesmo, a subvención concedida será minorada nun 2 % cando o número de persoas participantes co límite de ingresos establecido no punto 2 deste artigo sexa inferior en máis dun 30 % ás previstas na solicitude e sempre que se acade o número mínimo exigido. No caso de concorrer ambas causas de minoración, a que supoña menor importe entenderase subsumida na de contía superior.

En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento da subvención e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden como mínimo o 50 % do custo do



persoal ou cando non se teña acadado o número mínimo de persoas participantes, que deben cumprir co límite de ingresos indicado no apartado 2 deste artigo.

Artigo 7. Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero: accións subvencionables e contía da axuda

1. Ao abeiro deste programa son subvencionables accións de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que poderán consistir nalguna das seguintes medidas:

1.a) Intervencións orientadas a mellorar a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero, das súas fillas e fillos, así como das persoas delas dependentes, e dirixidas a impulsar unha atención profesional de maior calidade: accións de atención, orientación e para a mellora da situación persoal social e laboral, de asesoramento xurídico especializado, de atención directa a menores fillos e fillas de mulleres vítimas de violencia de xénero, todas elas na procura da recuperación da súa identidade e autonomía e da restauración dos seus proxectos vitais, e apoiándoas na súa orientación persoal, social e laboral. O número de persoas beneficiarias desta actuación non poderá ser inferior a 10.

Tamén poderán participar nestas actuacións aquelas mulleres, así como as persoas ao seu cargo, que polas súas circunstancias persoais ou polo seu contorno familiar ou social requiran ou aconsellen este tipo de intervención como medida preventiva.

1.b) Actuacións dirixidas á loita contra a explotación sexual, en xeral, e a prostitución, en particular; encamiñadas a mellorar a súa situación persoal, social e laboral das mulleres que se atopan nesa situación, a través de accións de información, atención, orientación e para a mellora da súa situación persoal, social e laboral, así como de asesoramento xurídico especializado. O número de persoas beneficiarias desta actuación non poderá ser inferior a 10.

Estas medidas poderán incluír actividades complementarias de prevención e concienciación sobre a violencia de xénero na sociedade relacionadas coas actividades subvencionadas, sempre que o seu custo non sexa superior ao 7 % do custo de persoal directo subvencionable.

2. As medidas previstas no punto 1 deste artigo, para que poidan ser obxecto de subvención, deberán estar recollidas no plan de igualdade vixente, aprobado polo pleno ou pola xunta de goberno local. Ou, no caso de contar cun plan anterior, estar en proceso de



elaboración do seguinte, o que deberá acreditarse mediante certificación da persoa representante da entidade local.

3. Cada entidade local, individual ou agrupada, só poderá presentar, como máximo, unha medida do programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero previstas no punto 1 anterior.

4. Serán gastos subvencionables os derivados da realización das medidas de prevención da violencia de xénero referidos a custos directos de persoal, outros custos directos e custos indirectos, nos termos establecidos no artigo 9 desta resolución.

Só serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de decembro de 2015 e ata o 30 de novembro de 2016.

O importe máximo dos custos directos de persoal que se pode presentar para optar a esta axuda é de 40.000 €, para o caso de que sexa superior, o órgano instrutor requirirá á entidade solicitante para que o reaxuste.

5. O gasto subvencionable determinase en función do importe dos custos directos de persoal máis o 40 % dos ditos custos para o financiamento doutros gastos directos e indirectos vinculados á medida subvencionada.

En todo caso, a contía máxima da axuda será de 10.000 euros, cando se trate dunha de solicitude individual, e de 20.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante de fusión de concellos.

O importe da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable a porcentaxe que resulte da puntuación obtida na valoración realizada segundo o establecido no artigo 15 desta resolución, co límite da contía máxima da axuda que corresponda, ou, de ser inferior, da contía solicitada.

6. Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade do custo de persoal. Así mesmo, a subvención concedida será minorada nun 2 % cando o número de persoas participantes sexa inferior en máis dun 30 % ás previstas na solicitude e sempre que se acade o número mínimo exixido. No caso de concorrer ambas as causas de minoración, a que supoña menor importe entenderase subsumida na de contía superior.



En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento da subvención, e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden como mínimo o 50 % do custo do persoal ou cando non se teña acadado o número mínimo de persoas participantes segundo o establecido no punto 1 deste artigo.

Artigo 8. Programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM): accións subvencionables e contía da axuda

1. Ao abeiro deste programa, financiaranse as actuacións desenvolvidas nos CIM en relación coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, de acordo co establecido na disposición adicional única desta resolución. Co dito obxecto, para reforzar a funcionalidade dos CIM e consolidar os postos e o perfil profesional das persoas que prestan estes servizos, serán subvencionables:

1.1. A existencia no cadro de persoal ou na relación de postos de traballo da entidade, de prazas para persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido para prestar servizos no CIM, en concreto para os postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica, axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.

Cando as prazas ou os postos antes referidos non se atopen ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, a entidade deberá presentar xustificación razoada da motivación que lle impide tal cobertura. Con carácter xeral só se admitirá como xustificación a cobertura por persoal funcionario interino, baixas por enfermidade ou similares, as que se deriven da aplicación da lexislación vixente, ou por estar en curso o proceso de oposición ou concurso correspondente.

1.2. A contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico ou de atención psicolóxica, así como para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, sempre que a entidade local non conte con persoal que preste servizos no CIM para a realización das correspondentes funcións.

2. Cada entidade local deberá solicitar axuda para os diferentes postos do CIM nunha única solicitude. En primeiro lugar, atenderase ao financiamento dos postos necesarios para o normal funcionamento do CIM segundo o disposto no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, e o crédito restante destinarase ao financiamento dos postos de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero.



3. O número mínimo de usuarias con atención individualizada e con atención continuada establécese segundo a poboación do ámbito territorial do CIM, de acordo co seguinte:

a) Máis de 15.000 habitantes: o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 100 mulleres en situación de vulnerabilidade, das que cando menos 15 deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de 3 intervencións.

b) Entre 5.001 e ata 15.000 habitantes: o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 40 mulleres en situación de vulnerabilidade, das que cando menos 6 deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de 3 intervencións.

c) Ata 5.000 habitantes: o número de usuarias con atención individualizada terá que ser como mínimo de 20 mulleres en situación de vulnerabilidade, das que cando menos 4 deberán ter unha atención continuada e de seguimento cun mínimo de 3 intervencións.

Para estes efectos teranse en conta as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2015, fonte IGE.

4. Serán gastos subvencionables os custos directos de persoal que desenvolva funcións no CIM nos termos establecidos no artigo 9.1. a), e segundo resulta do previsto neste artigo.

Serán subvencionables os custos de persoal xerados entre o 1 de abril de 2016 ata o 31 de marzo de 2017.

As entidades beneficiarias deberán identificar e xustificar de maneira independente os gastos directos de persoal, segundo as horas efectivamente traballadas dedicadas a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, que se imputarán en cada exercicio. Os gastos de persoal correspondentes ao período comprendido entre o 1 de abril de 2016 ata o 30 de novembro de 2016, imputaranse ao exercicio 2016 e os gastos correspondentes ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2016 ata o 31 de marzo de 2017, ao exercicio 2017.

5. Para a determinación do gasto subvencionable e do importe da subvención establécese custos unitarios por hora efectivamente traballada dedicada a tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, así como contías máxi-



mas en atención ao posto ou función a realizar, a dedicación ao CIM a tempo completo ou a tempo parcial e ao tipo de relación ou vinculación coa entidade beneficiaria, así como unha contía máxima global, segundo o seguinte:

5.1. Para os postos de dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, dos grupos A1, A2 ou equivalente, cando ocupen postos ou prazas existentes no cadro de persoal ou RPT, ou coas particularidades previstas no punto 1.1 anterior:

O custo unitario por hora efectivamente traballada será de 19,42 €, ata un máximo de 1.720 horas, correspondente a unha dedicación dun ou dunha profesional a tempo completo durante un período de doce meses, de acordo co previsto no artigo 68.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

A contía máxima da axuda será de ata 30.000 euros cando a dedicación ao CIM sexa a tempo completo e cando sexa a tempo parcial, agás a dirección do CIM que sempre será a tempo completo, a contía máxima será de 18.000 euros.

Cando se teña que recorrer á contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para a prestación dos servizos de asesoramento xurídico e atención psicolóxica establecidos no Decreto 182/2004, aplicarase o custo hora correspondente e a contía máxima da axuda será de 14.000 €.

5.2. Para os postos de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero ocupados con carácter definitivo por persoal funcionario, laboral fixo ou indefinido, dos grupos A1, A2, C1 ou equivalente, cando ocupen postos ou prazas existentes no cadro de persoal ou RPT, e coas particularidades previstas no punto 1.1.

O custo unitario por hora efectivamente traballada será de 16,04€, ata un máximo de 1720 horas, correspondente a unha dedicación dun ou dunha profesional a tempo completo durante un período de doce meses, segundo o previsto no artigo 68.2 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

A contía máxima da axuda será de ata 25.000 euros por posto ocupado a tempo completo e de 15.000 €, cando se ocupe a tempo parcial.



Cando se teña que recorrer á contratación laboral temporal ou mercantil de profesionais para levar a cabo as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, aplicarase o custo hora correspondente e a contía máxima da axuda será de 12.000 €.

5.3. A contía total máxima de axuda que se pode conceder ao abeiro do Programa de apoio aos CIM é de 45.000 euros, no caso de que se trate dunha solicitude individual, e de 120.000 €, no caso de que se trate dunha solicitude para a xestión compartida ou dunha entidade resultante dunha fusión de concellos.

6. O importe da axuda calcularase aplicando ao custo unitario polas horas estimadas de traballo efectivo dedicadas ao CIM en tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, a porcentaxe que resulte da puntuación obtida segundo o establecido no artigo 15 desta resolución, cos límites de axuda máxima que correspondan segundo o indicado no punto 5 anterior, ou, de ser inferior, da contía solicitada.

7. Se é o caso, a subvención será minorada proporcionalmente cando non se xustifique a totalidade das horas de traballo efectivamente realizado tidas en conta para a determinación da contía do gasto subvencionable ou cando o número de persoas usuarias con atención individualizada sexa inferior ao número mínimo previsto no punto 4 deste artigo segundo o número de poboación do ámbito territorial do CIM.

Así mesmo, cando o número de usuarias con atención individualizada sexa inferior en máis dun 30 % ás declaradas na solicitude por riba do número mínimo previsto no punto 3 deste artigo, a subvención concedida será minorada nun 2 %.

No caso de concorrer máis dunha destas causas de minoración á que supoña menor importe entenderase subsumida na de contía superior.

En todo caso, non xerarán dereito ao cobramento da subvención e procederá o reintegro do anticipo, cando as xustificacións non acaden como mínimo o 50 % das horas previstas como efectivamente traballadas ou o 50 % do número mínimo de usuarias con atención individualizada, ou cando non se cumpra o número de atencións continuadas exixidas cun mínimo de tres intervencións segundo o indicado no punto 3 deste artigo.



Artigo 9. *Gastos subvencionables*

Serán gastos subvencionables os derivados das medidas, actividades ou servizos obxecto da axuda, realizados nos prazos e períodos de referencia establecidos para cada programa nesta resolución, comprendidos na seguinte relación:

1. Gastos directos: terán esta consideración os que estean directamente relacionados coa actuación subvencionada e que, polo tanto, se refiran de forma inequívoca e constatable a ela, en particular, os seguintes:

a) Gastos directos de persoal: serán subvencionables as retribucións salariais totais do persoal propio da entidade, correspondentes á execución da medida, actuación ou servizo subvencionado, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e as cotas á Seguridade Social a cargo do empregador.

No caso de contratación mercantil ou externa, o persoal e o custo pola súa contratación deben estar claramente identificados e detallados na factura, na que debe figurar exclusivamente o concepto correspondente ao custo de persoal. Ou, no seu defecto, só para o caso de que fose anterior á solicitude de subvención, nunha certificación emitida pola provedora externa conformada pola entidade beneficiaria.

Respecto do programa de fomento da conciliación e do programa de prevención da violencia de xénero, non serán subvencionables os gastos de persoal que non fose contratado especificamente para o desenvolvemento da medida ou actuación subvencionada, nin os gastos de persoal pertencente aos CIM de calquera das entidades locais de Galicia. Excepcionalmente, en atención ás circunstancias concorrentes debidamente xustificadas pola entidade solicitante, sempre que se trate de actuacións con permanencia no tempo que supoñan funcións de intervención directa e exista persoal cualificado non pertencente ao CIM, que xa as veña realizando con anterioridade, poderán ser subvencionables os custos de persoal correspondentes á porcentaxe de horas imputadas ás ditas funcións.

Non obstante o anterior, non serán subvencionables os custos do persoal que ocupe postos de traballo ou que pertenza a servizos financiados, total ou parcialmente, con fondos procedentes de plans ou programas de calquera Administración pública, en particular, do programa de servizos sociais comunitarios.



En todo caso, as actuacións subvencionadas deben ser desenvolvidas por profesionais con especialización ou experiencia acreditada nas áreas de igualdade e prevención da violencia de xénero.

b) Outros gastos directos: elaboración de materiais; adquisición de materiais didácticos ou outros materiais necesarios para a realización da actividade; gastos de publicidade para a organización e difusión da actuación ou actividades subvencionadas; gastos de seguros destinados a cubrir continxencias de risco derivadas da actuación subvencionada; gastos de transporte por desprazamentos das persoas participantes en actividades programadas; axudas de custo e gastos de locomoción do persoal que desenvolve a actividade necesarios para a súa realización. Os gastos de publicidade non poderán supoñer un importe superior ao 7 % dos custos directos de persoal.

2. Gastos indirectos: gastos correntes que non se corresponden en exclusiva á operación subvencionada por ter carácter estrutural e que resulten necesarios para o seu desenvolvemento: gastos en bens consumibles e en material funxible, gastos de aluguer e de mantemento de instalacións (luz, auga, calefacción, teléfono, limpeza e seguridade).

3. En todo caso, os programas e medidas que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento UE 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, no Regulamento UE 1304/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006, do Consello e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

4. Para os efectos destas axudas non se considera subvencionable ningún tipo de taxa, tributo ou imposto, agás o imposto sobre o valor engadido non susceptible de repercusión ou compensación.

5. Non será subvencionable a subcontratación da execución total das medidas, actividades, actuacións ou servizos obxecto das axudas previstas nesta convocatoria. Sen prexuízo de que algunha das categorías de gastos sexan subcontratados, tales como servizos,



compra de material, contratación mercantil de persoal ou subministracións. Para os efectos desta resolución, entenderase que non hai subcontratación total na súa execución sempre que a entidade beneficiaria se reserve para si a organización, a xestión e o seguimento da medida, actuación, actividades ou servizos para os que se solicita a subvención, circunstancia que deberá acreditarse cando o servizo se contrate cunha única empresa.

6. No programa de fomento da conciliación e no programa de prevención da violencia de xénero os custos directos de persoal fináncianse a custo real, por iso e para o caso de contratación mercantil ou externa do persoal para a prestación do servizo dado que as actuacións que se levarán a cabo son susceptibles de cofinanciamento europeo con fondos europeos no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020, co obxecto de facilitar o labor das auditorías, as entidades beneficiarias deberán achegar, xunto coa xustificación, copia do expediente de contratación, de acordo co establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, incluídas, se é o caso, as tres ofertas a que se fai referencia no parágrafo seguinte.

Así mesmo, de acordo co disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías, do contrato menor, establecidas no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso da obra, á prestación do servizo ou á entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

Artigo 10. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

2. A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia,



<https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

3. A documentación complementaria poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto nos artigos 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente do formulario principal, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. No caso de que algún dos documentos que se van a presentar por parte da solicitante de forma electrónica superase os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a persoa interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicarase a relación de formatos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



Artigo 11. *Documentación*

1. A documentación, común ou específica para cada programa, que se ten que presentar para solicitar as axudas previstas nesta convocatoria é a seguinte:

a) Anexo I (1, 2 ou 3, segundo o programa): solicitude debidamente cuberta e asinada pola persoa que teña a representación da entidade solicitante.

b) Anexo II: certificación do órgano competente da entidade no que se faga constar, entre outros, o acordo de solicitar a subvención ao abeiro do correspondente programa e do compromiso do financiamento do custo da actuación ou medida obxecto de axuda naquela parte que exceda do importe da subvención para a súa completa realización. No caso de mancomunidades ou consorcios deberán cubrir o último punto do anexo para facer constar a relación de concellos que a integran e os que participan na actuación ou medida para a que se solicita a subvención.

c) Anexo II-bis (só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos): certificación do órgano competente do concello representante, na que se faga constar, con base nos acordos adoptados polos órganos competentes de cada un dos concellos asociados, os extremos que se recollen no dito anexo en relación cos requisitos e condicións previstas no artigo 5 desta resolución.

d) Copia do convenio de colaboración (só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos).

e) Memoria de aforro de custos respecto da realización do programa ou actividade de forma individualizada (só no caso de agrupación ou asociación de concellos, mancomunidades ou consorcios).

f) Anexo III (só para o programa de conciliación e para o programa de prevención da violencia de xénero): memoria descritiva das actuacións que se vaian realizar, con indicación do importe dos custos directos de persoal, número estimado de persoas participantes, obxectivos e resultados esperados das actuacións subvencionadas, así como a tipoloxía dos gastos directos que se van imputar á subvención acordes co establecido no artigo 9, debidamente asinada pola persoa que teá a representación da entidade solicitante.



Na memoria, tamén se teñen que recoller as actuacións realizadas pola entidade solicitante nos dous últimos anos, que respondan á tipoloxía das medidas previstas no programa para o que se solicita subvención, así como os resultados obtidos.

Deberá presentarse un anexo por cada actividade prevista no marco da medida para a que se solicita subvención.

g) Plan de igualdade vixente en soporte electrónico ou, de ser o caso, previsto no artigo 7.2, Plan de igualdade anterior xunto coa certificación do representante da entidade local na que se faga constar que se iniciou o proceso de elaboración do novo plan de igualdade, con indicación da fase no que se atopa e do prazo ou data prevista para a súa aprobación (só para o programa de prevención da violencia de xénero).

h) Anexo IV.1 e 2 (só para o programa de apoio aos CIM): memoria descritiva (IV.1) do funcionamento do CIM; do persoal adscrito ao CIM, gasto subvencionable dos custos directos de persoal para o que se solicita a axuda segundo custo unitario por hora efectivamente traballada dedicada ao CIM en relación coas tarefas directamente vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade; número de usuarias previstas con atención individualizada durante o período subvencionable, obxectivos e resultados esperados das actuacións subvencionadas, en particular, os directamente vinculados á mellora das expectativas na busca de emprego ou da situación laboral e profesional das mulleres do contorno territorial, debidamente asinada pola persoa que teña a representación da entidade solicitante.

Así como fichas individualizadas do persoal que presta ou que vai prestar servizos no CIM (IV.2), que se numerarán correlativamente e se anexarán á memoria como parte integrante desta.

Artigo 12. *Consentimentos e autorizacións*

1. A tramitación do procedemento require a incorporación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, o modelo de solicitude inclúe autorización expresa ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non sexa autorizado o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos, nos termos exixidos nesta resolución.



2. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nesta norma, salvo que estes xa estivesen en poder da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia en que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola entidade interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, a entidade solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente.

4. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Secretaría Xeral da Igualdade publicará na súa páxina web oficial a relación das entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 13. *Emenda da solicitude*

1. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do expediente requirirá á en-



tidade solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se considerará que desistiu da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de que se dite a oportuna resolución ao abeiro do artigo 42 da dita lei.

Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 59, 60 e 61 da Lei 30/1992, os citados requirimentos de emenda poderanse facer ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

2. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento poderáselle requirir á entidade solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación, seguimento e comprobación da solicitude presentada.

Artigo 14. *Instrución do procedemento e comisión de valoración*

1. A instrución dos procedementos previstos nesta resolución correspóndelle á Subdirección Xeral de Promoción da Igualdade.

Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, os expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos, serán remitidos á comisión de valoración.

2. De conformidade co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de valoración, coa seguinte composición:

– Presidencia: o/a subdirector/a xeral de Promoción da Igualdade ou persoa en que delegue.

– Secretaría: o/a xefe/a do Servizo de Planificación e Programación.

– Vogalías: o/a xefe/a do Servizo de Fomento, o/a xefe/a do Servizo de Promoción e Cooperación Institucional, o/a xefe/a do Servizo de Prevención e Atención ás Víctimas, e o/a xefe/a do Servizo de Apoio Técnico-Administrativo e unha persoa da Dirección Xeral de Administración Local, con rango de subdirector/a.



No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a comisión de valoración será substituída pola persoa designada pola presidencia da comisión.

3. A comisión de valoración poderá requirir ás entidades solicitantes das subvencións información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da Administración, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes.

4. Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios e pautas establecidas no artigo 15, a comisión de valoración emitirá un informe segundo o cal o órgano instructor formulará proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, propoñendo a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No suposto de esgotar o crédito dispoñible segundo o establecido no artigo 2 desta convocatoria, o resto das solicitudes consideradas subvencionables quedarán en reserva para seren atendidas no caso de producirse algunha renuncia ou algún incremento do crédito inicialmente dispoñible, de acordo co establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para estes efectos, o órgano instructor poderá formular sucesivas propostas de resolución complementarias seguindo a orde de puntuación obtida.

Artigo 15. *Criterios de valoración*

A comisión valorará os expedientes, consonte os seguintes criterios:

1. Criterios comúns aos tres programas:

1.1. Solicitudes presentadas por agrupacións de concellos, mancomunidades ou consorcios ou cando se trate de fusión de municipios, ata 40 puntos, de acordo co seguinte:

1.1.a. Agrupacións de concellos, mancomunidades ou consorcios, teranse en conta os seguintes aspectos:

a) Pola mera presentación da solicitude para a xestión compartida: 15 puntos.

b) Polo número de concellos asociados e a repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total: ata 15 puntos. De acordo co seguinte:



b.1) Polo número de concellos participantes: 2 concellos, 3 puntos; 3 concellos, 4 puntos; 4 concellos, 5 puntos; 5 concellos, 6 puntos; máis de 5 concellos, 7 puntos.

b.2) Pola poboación total: ata 5.000 habitantes, 1 punto; de 5.001 a 10.000 habitantes, 3 puntos; de 10.001 a 15.000 habitantes, 5 puntos; de 15.001 a 20.000 habitantes, 7 puntos; máis de 20.000 habitantes, 8 puntos.

c) Pola presentación dunha memoria de aforro de custos respecto da prestación do servizo de modo individual: 10 puntos.

1.1.b. Fusión municipal:

a) Pola mera presentación da solicitude: 30 puntos.

b) Polo número de concellos fusionados e a repercusión do proxecto tendo en conta a cifra de poboación total: ata 10 puntos. De acordo co seguinte:

b.1) Polo número de concellos participantes: 2 concellos, 3 puntos; 3 concellos, 4 puntos; máis de 4 concellos, 5 puntos.

b.2) Pola poboación total: ata 5.000 habitantes, 1 punto; de 5.001 a 10.000 habitantes, 2 puntos; de 10.001 a 15.000 habitantes, 3 puntos; de 15.001 a 20.000 habitantes, 4 puntos; máis de 20.000 habitantes, 5 puntos.

1.2. Distribución poboacional da entidade local solicitante, no caso de agrupación de concellos a poboación do concello representante ou titular do CIM e no caso de mancomunidades terase en conta a media da poboación de todos os concellos que a integran, segundo as cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro de 2015, fonte IGE: ata 16 puntos. De acordo co seguinte: ata 5.000 habitantes, 16 puntos; de 5.001 a 10.000 habitantes, 12 puntos; de 10.001 a 20.000 habitantes, 8 puntos; e, máis de 20.000 habitantes, 4 puntos.

1.3. Colaboración coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade, así como, no caso do programa de apoio aos CIM, pola coordinación e traballo en rede a través da aplicación informática CIM desenvolvida pola dita secretaría: 2 puntos.

1.4. Polo compromiso da entidade pola igualdade entre homes e mulleres: ata 2 puntos. De acordo co seguinte: a) estar adherido á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero, 1 punto; b) ter constituída unha concellería para a promoción da igualdade, 1 punto.



2. Criterios específicos para o programa de fomento da conciliación e para o programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero:

2.1. Pola calidade, interese, obxectivos, e resultados esperados do proxecto, actividade ou medida que se propón, así como polas actividades realizadas en 2014 e 2015 que se correspondan coa tipoloxía do programa para o que solicita a axuda, valorado en función da memoria presentada: ata 20 puntos.

2.1.a) Interese, calidade, necesidade, viabilidade, e obxectivos: ata 12 puntos.

Valorarase o interese do programa en relación coa necesidade e finalidade da actuación (4 puntos); o carácter innovador do proxecto en relación cos programas presentados (3 puntos); a metodoloxía, o sistema de organización, selección e seguimento das persoas participantes durante a realización das actuacións (3 puntos); así como que contemple actividades ou accións específicas para sensibilizar ás persoas participantes no eido da igualdade, da corresponsabilidade, no respecto mutuo e na prevención do acoso e da violencia por razón de xénero (2 puntos).

2.1.b) Actividades realizadas en 2014 e 2015: puntuarase con 0,25 puntos, cada actividade ou actuación de duración superior a 15 horas, ata un máximo de 3 puntos.

2.2. Pola duración ou continuidade da medida de conciliación presentada dentro do período subvencionable, ata un máximo de 15 puntos. De acordo co seguinte:

2.2.1. Programa de fomento da conciliación:

2.2.1.a) Polo número de actuacións a desenvolver en períodos no lectivos: 5 puntos por actividade ata un máximo de 15 puntos.

2.2.1.b) Pola duración e continuidade das actividades que se van desenvolver ao longo do período subvencionable ou durante o curso escolar: ata catro meses, 4 puntos; máis de catro meses e ata sete meses, 8 puntos; máis de sete meses e ata 10 meses, 12 puntos; máis de 10 meses, 15 puntos.

2.2.2. Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero:

Pola duración e continuidade das actuacións e actividades que se van desenvolver ao longo do período subvencionable: 1,5 puntos por cada mensuralidade na que se desenvolva a actuación ou actividade, ata un máximo de 15 puntos.



2.3. Polo nivel de cofinanciamento con fondos propios da entidade solicitante dos custos directos de persoal: ata 10 puntos. De acordo co seguinte: máis do 5 % e ata o 15 %, 2 puntos; máis do 15 % e ata o 25 %, 4 puntos; máis do 25 % e ata o 35 %, 6 puntos; máis do 35 % e ata o 50 %, 8 puntos; máis do 50 %, 10 puntos.

3. Criterios específicos para o programa de apoio aos centros de información ás mulleres (CIM):

3.1. Pola amplitude horaria na prestación dos servizos básicos e pola calidade do servizo: ata 16 puntos, segundo o seguinte:

3.1.a) Atención xurídica prestada en horario superior a 6 horas/semana: puntuarase con 0,20 puntos por cada hora de atención superior ao mínimo semanal, ata un máximo de 6 puntos.

3.1.b) Atención psicolóxica prestada en horario superior a 6 horas/semana: puntuarase con 0,20 puntos por cada hora de atención superior ao mínimo semanal, ata un máximo de 6 puntos.

3.1.c) Existencia de persoal que desenvolva as funcións de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero: 0,80 puntos por axente, ata un máximo de 2 puntos.

3.1.d) Pola realización de servizos adicionais ou de actividades específicas orientadas á mellora da situación sociolaboral das mulleres segundo resulte da memoria anual do ano 2015 presentada ante a Secretaría Xeral da Igualdade: 2 puntos.

3.2. Polo número de mulleres atendidas no ano 2015, segundo o dato desagregado que figure na aplicación CIM na data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e segundo a poboación do ámbito territorial do CIM: ata 18 puntos. De acordo co seguinte: a) máis de 15.000 habitantes, 3 puntos por cada 150 mulleres atendidas; b) entre 5.001 e ata 15.000 habitantes, 3 puntos por cada 60 mulleres atendidas; c) ata 5.000 habitantes, 3 puntos por cada 30 persoas atendidas.

3.3. Polo nivel de cofinanciamento con fondos propios da entidade solicitante dos custos directos de persoal segundo hora efectivamente traballada en relación con tarefas vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade: ata 6 puntos. De acordo co



seguinte: máis do 5 % e ata o 15 %, 1 punto; máis do 15 % e ata o 25 %, 2 puntos; máis do 25 % e ata o 35 %, 3 puntos; máis do 35 % e ata o 50 %, 4 puntos; máis do 50 %, 6 puntos.

4. No suposto de que máis dunha proposta obteña a mesma puntuación e non sexa posible por razóns orzamentarias adxudicar axuda a todas elas, para o desempate terá preferencia: en primeiro lugar, a solicitude de xestión compartida fronte á presentada individualmente; en segundo lugar pola puntuación obtida en cada criterio de valoración seguindo a orde establecida neste artigo, ata que se produza o desempate; e, de persistir, pola hora e data de presentación da solicitude.

5. Ata esgotar o crédito dispoñible, a contía da subvención calcularase aplicando ao gasto subvencionable, a porcentaxe de intensidade da axuda que corresponda á puntuación obtida na valoración realizada segundo os criterios establecidos neste artigo, e segundo os seguintes tramos:

- Máis de 80 e ata 100 puntos: 100 % do gasto subvencionable.
- Máis de 60 e ata 80 puntos: 95 % do gasto subvencionable.
- Máis de 40 e ata 60 puntos: 90 % do gasto subvencionable.
- Máis de 20 e ata 40 puntos: 80 % do gasto subvencionable.
- Menos de 20 puntos: 70 % do gasto subvencionable.

No caso de quedar crédito libre despois de adxudicar a contía que corresponda a cada unha das entidades que resulten beneficiarias da subvención no correspondente programa, sempre que non exista lista de agarda, este repartirase entre elas a partes iguais de xeito que se manteña a proporcionalidade derivada da aplicación dos criterios de valoración, co límite da contía máxima da axuda ou, de ser inferior, da contía solicitada.

Artigo 16. *Resolución e notificación*

1. Correspóndelle á secretaria xeral da Igualdade, de acordo co establecido na disposición adicional segunda do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por proposta do órgano instrutor e despois da fiscalización pola intervención delegada, a resolución destas axudas.



2. O prazo para resolver será de catro meses. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, entenderase desestimada.

3. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6.b) da indicada lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

Dado que a subvención está cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a entidade beneficiaria do cofinanciamento comunitario, con expresión do obxectivo temático, prioridade de investimento e obxectivo específico e a porcentaxe de cofinanciamento. Así mesmo, informaráselle de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes dos ou das beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2. da mesma norma xurídica.

Así mesmo, na resolución de concesión estableceranse as condicións da axuda as que quedan sometidas as entidades beneficiarias derivadas da aceptación da subvención, en especial os requisitos específicos relativos aos produtos ou servizos que deban obterse con ela, o plan financeiro e o calendario de execución.

4. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez días (10) a súa aceptación, comprometéndose a executar o programa ou actuación subvencionada no prazo e condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar isto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

Artigo 17. Réxime de recursos

As resolucións expresas ou presuntas ditadas ao abeiro da presente resolución poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ben recurso contencioso-administrativo



ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 18. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O órgano competente para a concesión destas axudas, nos supostos que proceda, poderá acordar a modificación da resolución por instancia da entidade beneficiaria e coa debida antelación. Estas bases habilitan para aprobar, nos supostos en que proceda, as modificacións atendendo aos obxectivos e requisitos da convocatoria e demais normativa aplicable.

Artigo 19. *Prazo e xustificación da subvención*

1. Conforme o establecido no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para cobrar as axudas concedidas ao abeiro desta resolución as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da realización da medida ou actuación subvencionada relacionada no número 3 deste artigo, e dentro do prazo establecido para cada un dos programas, segundo o seguinte:

1.1. Programa de fomento da conciliación e programa de prevención da violencia de xénero: o prazo para a presentación da xustificación das medidas ou actuacións subvencionadas ao abeiro destes programas finaliza o 30 de decembro de 2016.

1.2. Programa de apoio aos CIM: o prazo para a presentación da documentación xustificativa da actuación subvencionada finaliza o 28 de abril de 2017.

2. As medidas e actuacións correspondentes a estes programas xustificaranse a través das modalidades de custos simplificados previstas nos artigos 67.1 b) e d) do Regulamento (UE) 1303/2013 e no artigo 14.2 b) do Regulamento (UE) 1304/2013, no caso do programa de apoio aos CIM segundo módulo ou custo unitario por hora efectivamente traballada, e no caso dos outros dous programas, mediante custo simplificado a tipo fixo segundo os custos de persoal.



3. Deberase presentar dentro do prazo sinalado no número 1.1 ou 1.2 deste artigo, segundo o caso, a seguinte documentación xustificativa, común e específica para cada programa:

3.1 Documentación común aos tres programas:

3.1.a) Anexo V: solicitude de pagamento da axuda debidamente cuberta e asinada pola persoa que ten a representación da entidade.

3.1.b) Anexo VI: declaración complementaria e actualizada á data da xustificación de todas as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma actuación ou actividade, das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais ou, se é o caso, declaración de que non se solicitaron outras axudas ou subvencións.

3.1.c) Anexo VII: declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, segundo o establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 11 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3.1.d) Un exemplar de todos os materiais elaborados carteis, folletos, enquisas, material didáctico, fotografías, capturas de pantalla e outros documentos, onde deberán figurar os logos da Unión Europea FSE coa referencia ao FSE e a imaxe corporativa da Secretaría Xeral da Igualdade, para os efectos de acreditar o cumprimento das obrigas de publicidade e información recollidas no artigo 21.3 e 4 desta resolución.

3.1.e) Ficheiro electrónico cos datos do perfil e dos indicadores de execución e resultado das persoas participantes. Estes datos achegaranse no correspondente modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade e/ou nas ferramentas informáticas que se deseñen para esta finalidade.

No programa de fomento da conciliación, para o caso de que as persoas participantes sexan menores, no ficheiro electrónico recolleranse os datos do perfil e dos indicadores dun dos proxenitores, preferentemente a nai, pai, ou ben da persoa que exerza a tutela.

Para os efectos desta convocatoria, non serán computables as persoas que non se identifiquen nin aquelas das cales non consten os datos dos indicadores de execución e de resultado inmediato no correspondente ficheiro.



As entidades beneficiarias deberán cubrir follas individuais de seguimento das persoas participantes ou, de ser o caso, dun dos proxenitores, no correspondente modelo publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, onde quede constancia documental dos datos de indicadores de execución e resultado reflectidos no ficheiro. E, no caso do programa de apoio aos CIM, ademais teranse que cubrir as follas individualizadas de seguimento de cada unha das persoas participantes en situación de vulnerabilidade con atención individualizada e continuada onde conste un mínimo de tres intervencións nos termos indicados no artigo 8.3.

As follas de seguimento deben estar asinadas pola persoa participante ou, se for o caso, proxenitora, e pola persoa responsable do programa ou medida subvencionada, a ser posible numeradas co mesmo ordinal con que figure na relación que ten que presentarse consonte o previsto na letra f) do número 3.2 ou na letra c) do número 3.3 deste artigo. As ditas follas non teñen que presentarse na fase de xustificación pero deben conservarse e estar á disposición para efectos de actuacións de comprobación e control.

3.2. Documentación específica para o programa de fomento da conciliación e para o programa de prevención da violencia de xénero:

3.2.a) Anexo VIII: certificación do gasto subvencionable.

No programa de fomento da conciliación e programa de prevención da violencia de xénero, na certificación do gasto subvencionable reflectiranse, respecto de cada un dos profesionais e segundo o tipo de relación ou vinculación coa entidade, os custos directos de persoal polo tempo efectivamente traballado para a execución da medida ou actividade subvencionada.

Os gastos subvencionables (nóminas, facturas...) deberán estar realizados e efectivamente pagados na data límite de xustificación, o 30 de decembro de 2016.

De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando quede xustificado o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario.

3.2.b) Anexo IX: se for o caso, certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control, do cumprimento da normativa de contratación do sector público vixente na tramitación do procedemento de contratación de persoal para a prestación do servizo.



Para efectos de facilitar o labor de auditoría, a dita certificación deberá vir acompañada dunha copia compulsada do expediente de contratación, incluíndo, se for o caso, as tres ofertas segundo o indicado no artigo 9.6 desta resolución.

3.2.c) Para xustificar o custo real dos gastos de persoal terá que presentarse copia orixinal dos seguintes documentos:

Respecto do persoal propio da entidade beneficiaria:

– Contrato de traballo ou xustificación da excepcionalidade prevista no último parágrafo do artigo 9.1.a) desta resolución.

– Informe da vida laboral que reflecta a situación de alta en período no que se desenvolveu a actividade subvencionada.

– Nóminas, recibos de liquidación de cotizacións, modelos TC-2 e documentos bancarios que acrediten a súa realización.

– Modelo 190 de resumo anual, retención e ingresos á conta do IRPF (modelo 111) correspondentes ao período durante o cal se desenvolveu a medida ou actividade subvencionada, unha vez que se dispoña deles, e xustificantes bancarios do ingreso do modelo 111 do IRPF.

No caso de contratación mercantil:

– Facturas ou documentos con valor probatorio equivalente polo importe correspondente ao persoal contratado; coa excepción prevista no segundo parágrafo do artigo 9.1.a), neste caso deberá acompañarse a certificación da desagregación do gasto nos termos indicados no dito artigo. Así como, os correspondentes xustificantes bancarios acreditativos do seu pagamento. No xustificante bancario deberá constar o número de factura obxecto de pagamento, a identificación da persoa pagadora e da destinataria do pagamento, que deberá coincidir coa que emite a factura.

Os orixinais dos documentos xustificativos (nóminas, facturas... ou documentos equivalentes) serán selados pola Secretaría Xeral da Igualdade cun selo que indicará o procedemento para o cal se presentan e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada.



3.2.d) Anexo X: memoria xustificativa da actuación subvencionada, con descrición detallada de cada unha das actividades desenvolvidas, incluída a tipoloxía dos gastos directos realizados, así como os resultados obtidos, con indicación do número de persoas participantes desagregadas por sexo; así como da publicidade e divulgación que se realizou. A memoria deberá estar asinada pola persoa representante da entidade.

Deberá presentarse un anexo por cada actividade realizada no marco da medida subvencionada.

3.2.e) Folla individualizada de asistencia do persoal que desenvolve a actividade asinado por ela e pola responsable da entidade beneficiaria que coordina ou xestiona a actividade, segundo o modelo que aparece publicado na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.2.f) Unha relación numerada asinada por cada persoa participante, da que consten datos de indicadores de execución e de resultados, acreditativa da atención recibida.

No caso de que a actuación se realizase con menores, a dita relación será substituída por: unha relación das nenas e nenos inscritos en cada actividade, asinadas pola nai, pai ou persoa que teña a tutela, na que conste o nivel de ingresos da unidade familiar; os partes de asistencia á actividade de conciliación, asinada pola persoa monitora e conformada pola responsable da entidade beneficiaria que coordina ou xestiona a actividade. Estes partes deberán ter carácter mensual.

Tamén deberá aportarse unha relación numerada dos proxenitores preferentemente nai, pai ou persoa que teña a tutela, na que conste o tramo de ingresos da unidade familiar e respecto dos que consten os datos dos indicadores de execución e de resultado inmediato. Esta relación será única para todas as actuacións e actividades da medida subvencionada, con independencia de que os fillos ou fillas participasen nunha ou varias das actuacións ou actividades.

Deben utilizarse os modelos que aparecen publicados na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

3.2.g) Para o caso de actividades complementarias que se poden desenvolver ao abeiro do programa de prevención da violencia de xénero será suficiente unha certificación da persoa responsable en que conste o número de persoas asistentes, desagregadas por sexo.



3.3. Documentación específica para o programa de apoio aos CIM:

3.3.a) Anexo XI: certificación do gasto subvencionable.

Neste programa na certificación do gasto subvencionable farase constar, respecto de cada un dos profesionais do CIM e segundo tipo de relación ou vinculación coa entidade beneficiaria, o número de horas efectivamente traballadas referidas á tarefas vinculadas a mulleres en situación de vulnerabilidade, polo custo unitario que corresponda segundo o indicado no punto 5 do artigo 8 desta resolución.

3.3.b) Para xustificar o gasto subvencionable segundo hora efectivamente traballada dedicada á atención de mulleres en situación de especial vulnerabilidade, deberase presentar, no modelo que figura na páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade, copia da seguinte documentación:

– Follas mensuais das horas efectivamente traballadas dedicadas ao CIM para a realización de tarefas vinculadas coa atención a mulleres en situación de vulnerabilidade, asinadas pola persoa traballadora e pola responsable da entidade.

– Resumo onde conste o número total de horas efectivamente dedicadas ao CIM para a realización de tarefas vinculadas a mulleres en situación de vulnerabilidade, no período subvencionable, segundo o previsto no artigo 8.4 desta resolución.

3.3.c) Certificación do número total de mulleres en situación de vulnerabilidade atendidas no período subvencionable das cales consten os datos dos indicadores de execución e de resultado inmediato, xunto cunha relación das mulleres atendidas acreditativa da atención recibida.

4. Co obxecto de homoxeneizar a documentación xustificativa, a documentación prevista na letra e) do número 3.1, nas letras e) máis na f) do número 3.2, e nas letras b) e c) do número 3.3, deberá presentarse obrigatoriamente nos modelos dispoñibles a través da páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade, agás aqueles que poidan extraerse da plataforma informática dos CIM.

5. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.



No caso de que a xustificación sexa incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados e/ou achegue os documentos solicitados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención e, de ser o caso, ao reintegro da contía percibida e á exixencia dos xuros de demora.

Artigo 20. *Pagamento da subvención*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada.

2. Realizarase un primeiro pagamento do 75 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución. No programa de apoio aos CIM a contía do anticipo non poderá ser superior ao importe da subvención imputada ao exercicio 2016; se for o caso, o importe do anticipo reducirase ata o dito límite.

O 25 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas nesta resolución.

3. Procederá a minoración do importe da subvención concedida ou, de ser o caso, a perda do dereito ao seu cobramento, nos termos e nos casos previstos para cada un dos programas nos artigos 6.7, 7.6 e 8.7 desta resolución e nos demais supostos previstos no artigo 23 e na normativa de aplicación relacionada no artigo 25.

4. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto en que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando as entidades beneficiarias obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso, a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da convocatoria.



Artigo 21. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

1. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos, executar e acreditar a realización do programa, actuacións e actividades que fundamenta a concesión da subvención dentro do período e prazos establecidos nesta convocatoria, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e obrigas que resultan da normativa de aplicación.

2. Manter de forma separada na contabilidade os ingresos da axuda percibida, así como os custos directos de persoal no caso do programa de fomento da conciliación e do programa de prevención da violencia de xénero, e conservar toda a documentación relativa á subvención e ás persoas participantes ou usuarias durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas perante á Comisión Europea. A data de certificación dos gastos publicárase no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Dar cumprimento á obriga de dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello. Así, en todo tipo de publicidade e información relativos á actuación e actividades subvencionadas, terá que constar a condición de subvencionada pola Secretaría Xeral da Igualdade e polo Fondo Social Europeo 2014/2020.

En todo caso, nos espazos de atención ás usuarias ou participantes, así como nas comunicacións, contarán co emblema da Unión Europea e coa referencia ao Fondo Social Europeo e nos lugares de realización da actuación informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre o proxecto e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada.

Na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade está dispoñible a información, os emblemas da Unión Europea e do órgano concedente, así como un modelo coas características do cartel, emblemas e contido de obrigada inclusión.



4. Informar as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Secretaría Xeral da Igualdade) e polo FSE, así como dos obxectivos dos fondos, figurando os emblemas como mínimo en todo o material e documentos que se utilicen ou entreguen as usuarias e persoas participantes (exemplo: partes de asistencia/participación, relacións e follas de seguimento, enquisas de avaliación ou certificados de asistencia).

5. Realizar as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de execución e resultado previstos no artigo 5 do Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Neste senso na súa cobertura deberá respectarse o principio de integridade dos datos.

Os datos dos indicadores de execución relativos ás entidades e ás persoas participantes referiranse ao momento inmediatamente anterior a súa participación na medida ou programa dentro do período subvencionable. Os indicadores de resultado inmediato deberán referirse a situación dentro das catro semanas seguintes á finalización da súa participación nese período. Esta información deberá facilitarse no período de xustificación da correspondente subvención consonte ao previsto no punto 3.1.e) do artigo 19 desta convocatoria.

Así mesmo, a Administración poderá requirir a actualización destes datos no prazo de seis meses desde que finalice a medida ou programa subvencionado, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

6. Cumprir coa normativa de protección de datos de carácter persoal, en concreto, a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro. Os datos de carácter persoal das persoas usuarias ou participantes nas actuacións subvencionadas incorporaranse ao ficheiro de datos de carácter persoal da Secretaría Xeral da Igualdade ao que se refire o artigo 26 desta resolución. En todo caso, deberá constar necesariamente a autorización expresa da persoa interesada para o tratamento e incorporación dos seus datos de carácter persoal, sendo a entidade beneficiaria da axuda a responsable de recadar e custodiar a dita documentación.

7. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións ou



axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional.

8. Facilitar toda a información requirida pola Secretaría Xeral da Igualdade, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

9. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Secretaría Xeral da Igualdade, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. En especial, por tratarse de axudas cofinanciadas co Fondo Social Europeo, a entidade beneficiaria quedará sometida ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión e seguimento do FSE, que incluírán as oportunas visitas sobre o terreo.

Artigo 22. *Responsabilidade*

A organización e materialización das accións obxecto de subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria; a actuación da Secretaría Xeral da Igualdade quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Artigo 23. *Reintegro e sancións*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Polo anterior, ademais do disposto na normativa xeral de aplicación a estas axudas, procederá a minoración da subvención concedida ou a perda do dereito ao seu cobramen-



to e, de ser o caso, ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, nos supostos establecidos nos artigos 6.7, 7.6 e 8.7 respecto ao correspondente programa dos previstos nesta convocatoria.

3. Así mesmo, procederá a minoración dun 2 % sobre a contía total da axuda percibida no caso de incumprimento dalgunha das obrigas recollidas no artigo 21, números 2, 3 e 4 desta resolución.

4. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 24. *Control*

1. A Secretaría Xeral da Igualdade poderá levar a cabo as actividades de control que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas reguladas nesta convocatoria.

2. Todas as axudas estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e aquelas outras que determine a súa condición de subvencionada polo FSE 2014/2020.

Artigo 25. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nesta convocatoria observarse o disposto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, no Regulamento (UE) núm. 1304/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao Fondo Social Europeo e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1081/2006, do Consello; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009,



do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento; e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do dito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 26. *Información ás entidades interesadas*

Sobre os procedementos administrativos asociados a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nas unidades administrativas de Igualdade das delegacións territoriais da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (<https://xunta.es/resultados-da-guia-do-cidadan>), ou da Secretaría Xeral da Igualdade (<http://www.igualdade.xunta.es>); nos teléfonos 981 54 53 12 (conciliación), 981 54 73 97 (promoción e prevención), 981 54 53 74 (apoio aos CIM); no enderezo electrónico promocion.igualdade@xunta.gal, ou presencialmente.

Artigo 27. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral de Igualdade. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral da Igualdade, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico ao seguinte enderezo: igualdade@xunta.gal



Así mesmo, serán incluídos no ficheiro denominado «Xestión, seguimento e control de proxectos e fondos europeos», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea. O órgano responsable deste ficheiro é a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Dirección Xeral de Proxectos e Fondos Europeos, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo de San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a dxfondos@conselleriadefacenda.gal

Disposición adicional única. *Mulleres en situación de vulnerabilidade*

Para os efectos desta convocatoria terán a consideración de mulleres en situación de vulnerabilidade aquelas nas que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Vítimas de violencia de xénero ou de violencia doméstica.
- Vítimas de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- Inmigrantes, emigrantes retornadas ou refuxiadas.
- Pertencentes a unha minoría étnica.
- Dependentes do consumo de sustancias tóxicas ou en procesos de rehabilitación.
- Perceptoras de rendas de integración, subsidios ou prestacións similares.
- Reclusas ou exreclusas.
- Procedentes de institucións de protección ou reeducación de menores.
- Transexuais ou con conflitos de identidade de sexo.
- Con diversidade funcional ou enfermidade mental.
- Con responsabilidades familiares non compartidas.
- Procedentes de núcleos familiares con ingresos inferiores a 2,5 veces o IPREM.



- Embarazadas ou lactantes sen apoio familiar.
- Sen fogar ou que habitan nunha infravivenda, ou afectadas por un proceso de desafiuzamento.
- Maiores ou viúvas.
- Sen titulación ou con baixa cualificación.
- Desempregadas menores de 30 anos ou maiores de 45 anos.
- Inactivas ou desempregadas de longa duración.
- Con residencia en concellos rurais de zonas pouco poboadas de baixa densidade (ZPP), segundo os estudos ou datos publicados polo IGE, e que poden consultarse na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.
- Calquera outra situación non prevista expresamente que implique factores de risco ou vulnerabilidade no ámbito familiar, social ou laboral, sempre que sexa ponderada e aceptada polos servizos sociais da entidade local.

Disposición derradeira primeira

A Secretaría Xeral de Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento desta resolución.

Disposición derradeira segunda

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2016

A secretaria xeral da Igualdade

P.S. (Disposición adicional terceira do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xusticia)

Beatriz Cuiña Barja

Secretaria xeral técnica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
 ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.1

PROCEDIMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI435B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE LOCAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

MEDIDA SOLICITADA (art. 6.1)			
PROGRAMA DE FOMENTO DA CONCILIACIÓN	CUSTOS DIRECTOS DE PERSOAL - SUBVENCIÓN SOLICITADA		
	TOTAL CUSTOS DIRECTOS DE PERSOAL (1)	IMPORTE COFINANCIAMENTO	CONTÍA SOLICITADA (1) (2)
<input type="radio"/> Medidas, accións ou programas de conciliación (art. 6.1.a)			
Denominación: <input type="text"/>			
<input type="radio"/> Banco de tempo (art. 6.1.b)			

(1) As contías que se reflicten deberán coincidir coas que se fagan constar no anexo II, apartado 1.a, así como coa contía total dos custos directos de persoal que figuren na memoria anexo III. No caso de discrepancia para os efectos da concesión da subvención terase en conta a de menor importe.

(2) A contía solicitada para custos de persoal entenderase incrementada nun 40% en atención ao establecido no artigo 6.6.

DATOS DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA	
<input type="radio"/> XESTIÓN INDIVIDUAL	<input type="radio"/> XESTIÓN COMPARTIDA



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta resolución, son as seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
- Outras axudas ou subvencións:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA (3)	ACHEGA PARTICIPANTES (4)	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS/INSTRUMENTOS FINANCIEROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)
 (2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total
 (3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial
 (4) No seu caso, contía dos ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matriculas ou equivalentes (art. 3.2)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que esta entidade/agrupación:
- 3.1 Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición ás que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - 3.2 Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 - 3.3 Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - 3.4 Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - 3.5 Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
 - 3.6 Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo (artigo 21, apartados 8 e 9, e artigo 24 da convocatoria).
 - 3.7 Ten cumprido co requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.
 - 3.8 Coñece que as axudas solicitadas ao abeiro deste programa están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80%.
 - 3.9 Coñece que, no suposto de ser entidades xurídicas, a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes das persoas beneficiarias, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.
 - 3.10 Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no penúltimo e último parágrafos do artigo 19.3.1.e) e no artigo 21 da convocatoria.
 - 3.11 Comprométese a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero. SI NON
 - 3.12 Conta entre os departamentos de goberno cunha concellería da igualdade. SI NON
 - 3.13 Comprométese a colaborar coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade. SI NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

Anexo II

Anexo II-bis, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos

Anexo III

Copia do convenio de colaboración, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos

Memoria de aforo de custos, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades ou consorcios

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTE.	ANO
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.
 Así mesmo, declaro que a dita documentación está vivente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

CVE-DOG: bq6ly3h8-wyc0-e8m1-34z9-twwqrhohht7





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.1
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral de Igualdade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a igualdade@xunta.gal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia

Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.2

PROCEDIMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO SI435A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE LOCAL			NIF
<input type="text"/>			<input type="text"/>
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE			
<input type="text"/>			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)			
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

DATOS BANCARIOS	
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/>

MEDIDA SOLICITADA (art. 7.1)			
PROGRAMA DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO	CUSTOS DIRECTOS DE PERSOAL - SUBVENCIÓN SOLICITADA		
	TOTAL CUSTOS DIRECTOS DE PERSOAL (1)	IMPORTE COFINANCIAMENTO	CONTÍA SOLICITADA (1) (2)
<input type="checkbox"/> Intervención de carácter integral coas mulleres vítimas de violencia de xénero (art. 7.1.a)			
<input type="checkbox"/> Actuación dirixida a loita contra a explotación sexual e a prostitución (art. 7.1.b)			
TOTAL			

(1) As contías que se reflicten deberán coincidir coas que se fagan constar no anexo II, letra 1.b, así como coa contía total dos custos directos de persoal que figuren na memoria-anexo III. No caso de discrepancia para os efectos da concesión da subvención terase en conta a de menor importe.
(2) A contía solicitada para custos de persoal entenderase incrementada nun 40% en atención ao establecido no artigo 7.5

DATOS DA XESTIÓN DA SUBVENCIÓN SOLICITADA
<input type="radio"/> XESTIÓN INDIVIDUAL <input type="radio"/> XESTIÓN COMPARTIDA




XUNTA DE GALICIA

 VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.2
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas e/ou percibidas e ingresos obtidos e/ou previstos para as actuacións e gastos subvencionables previstos nesta convocatoria, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ademais das previstas nesta resolución, son as seguintes:

- Ningunha outra axuda ou subvención.
 Outras axudas ou subvencións:

CONCEPTO DA AXUDA	S/C/P (1)	IMPORTE (€)	% (2)	ADMINISTRACIÓN OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE E NORMATIVA REGULADORA (3)	ACHEGA PARTICIPANTES (4)	FINANCIADA CON FONDOS FSE OU OUTROS FONDOS/INSTRUMENTOS FINANCEIROS COMUNITARIOS
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
						<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

(1) Indíquese o que corresponda (S: solicitada / C: concedida / P: percibida)

(2) Porcentaxe de axuda sobre o custo total

(3) Indicar data de publicación en diario/boletín oficial

(4) No seu caso, contía dos ingresos como consecuencia de taxas de inscrición, matriculas ou equivalentes (art. 3.2)

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Que esta entidade/agrupación:

- 3.1 Cumpre todos os requisitos para obter a condición de beneficiaria das axudas reguladas nesta resolución e, polo tanto, non está incurso en ningunha das circunstancias de prohibición ás que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 3.2 Non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
 3.3 Non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 3.4 Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 3.5 Está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
 3.6 Está de acordo coas actuacións de control, supervisión e verificación dos órganos da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e do Fondo Social Europeo (artigo 21, puntos 8 e 9, e artigo 24 da convocatoria).
 3.7 Ten cumprido co requisito de remisión de contas xerais do exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia.
 3.8 Coñece que as axudas solicitadas ao abeiro deste programa están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (2014-2020) nun 80%.
 3.9 Coñece que, no suposto de ser entidades xurídicas, a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes das persoas beneficiarias, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) 1303/2013, en relación co artigo 115.2 da mesma norma xurídica.
 3.10 Coñece as obrigas derivadas da convocatoria, en particular as establecidas no penúltimo e último parágrafos do artigo 19.3.1.e) e no artigo 21 da convocatoria.
 3.11 Comprométese a que as actuacións subvencionadas sexan desenvolvidas por profesionais con especialización acreditada nas áreas de igualdade entre mulleres e homes e/ou erradicación da violencia de xénero.
 3.12 Conta entre os departamentos de goberno cunha concellería da igualdade. SI NON
 3.13 Comprométese a colaborar coas actuacións da Secretaría Xeral da Igualdade. SI NON

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE

- Anexo II
 Anexo II-bis, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos
 Anexo III
 Plan de igualdade vixente en soporte electrónico ou plan de igualdade anterior xunto coa certificación da persoa representante da entidade local que acredite o inicio da elaboración do novo plan de igualdade
 Copia do convenio de colaboración, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos
 Memoria de aforro de custos, só no caso de agrupacións ou asociacións de concellos, mancomunidades ou consorcios





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.2
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE (continuación)

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXpte.	ANO
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			
	<input type="checkbox"/>			

Autorizo a Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Secretaría Xeral de Igualdade, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a igualdade@xunta.gal.

LEGISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria no ano 2016.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

galicia



Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

ANEXO I.3

PROCEDEMENTO AXUDAS E SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS: PROGRAMA DE CIM	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO SI427B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

EXPEDIENTE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

EN CALIDADE DE

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

MEDIDA SOLICITADA (art. 8)

POSTOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA	GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CUSTO UNITARIO POR HORA TRABALLADA (art.8.5) - SUBVENCIÓN SOLICITADA PERÍODO 01/04/2016 A 31/03/2017		
	Nº DE POSTOS	GASTOS DE PERSOAL SEGUNDO CUSTO UNITARIO/HORAS TRABALLADAS (1) (2)	CONTÍA SOLICITADA (2)
Postos de dirección, asesoramento xurídico, atención psicolóxica (art. 8.5.1)			
Postos de axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero (art. 8.5.2)			
			TOTAL

